


POESÍA



Vitorino Pérez Prieto.

Poesía relixiosa en galego

Título: Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego.

Autor: Vitorino Pérez Prieto.

Edita: Toxosoutos.

Dende o respecto aos ideais e aos sentimentos, sen ningún ánimo de afondar na procura de azarasas esencias nin de iniciar reflexións teolóxicas rituais, repaso *Os ríos pasan cheos de Deus. Poesía relixiosa en galego*, de Vitorino Pérez Prieto, só coa intención de abordar, máis alá da efusión e o fervor, a secuencia formal, a tensión interior duns poemas

mergullados na devoción ou o desacougo. A perfilar envisas inercias, o rancio aroma da imaxe, a dubidosa intuición e o ton rutinario a miúdo esvaece a figura e o ritmo e ilustran a distancia entre o son e a emoción.

Deste denso e escasamente depurado caudal de estampas devotas, afectadas figuras e angustiadas imaxes, apenas pode un rescatar un fermoso soneto cheo de ritmo e de esperanza do portugués Padre Baltasar Estação; a ansiedade e a soidade, a dor e a tristeza de Rosalía de Castro, a meirande voz da nosa poesía; o son espido e a sensibilidade de Luís Pimentel; a sensación do instante e a humana turbación de Álvaro Cunqueiro; a intuición fuxidía, a mensaxe íntima de Xosé M. Díaz Castro e o vago perfil persoal dalgún outro poema.

En fin, así, sentimentos profundos e vizosos afectos, diluídos na imprecisión e a rutina, fican en monocordes rumores ou sonoras soflamas e a palabra devén inútil lamento ou louvanza retórica, entumecido ritual: figuras e formas distantes e esquivas, a miúdo asolagadas na efusión e o verso pautado, a deambular polo poema como emotivos apuntes e esgotados esbozos. ♦

XOSÉ MARÍA COSTA